

# Técnicas de Estudo



## 1 Notas á marxe

Cando leas fai anotacións do que non entendes ou das ideas principais.



## 2 Esquemas

Axudan a organizar a información, podes utilizar cores (pero con sentido).



## 3 Siglas

para memorizar unha serie de palabras selecciona a primeira letra ou sílaba para formar unha palabra inventada.

os 5 sentidos: GUSTO, OÍDO, VISTA, OLFACTO, TACTO ⇒ GOVOT

## 4 Utiliza debuxos

así asocias o debuxo co tema por estudar, recordaralo mellor.

ESTALACTITAS
ESTALAGMITAS



## 5 Escribe

se escribes mentres estudas axúdaslle ao teu cerebro a reter a información.

## 6 Fai pequenos descansos

se levas 1 hora estudando descansa 10 minutos



cc BY NC SA

# COMO ORGANIZO O MEU ESTUDO?



1. Debo ter un lugar onde estudar, afastado de ruídos e distraccións.
2. Debo estudar diariamente, a poder ser á mesma hora, para conseguir un hábito de estudo e que non me custe tanto.
3. Dedica unha hora diaria ao repaso e estudo do que deches na clase.
4. Fai os deberes, axudaranche a repasar o que aprendiches.
5. Anota na axenda todas as tarefas e probas.
6. Non deixes a preparacións dos exames para os últimos días, se repasas todos os días será máis doado.
7. Fai pequenos descansos, de 5-10 minutos.



CC BY NC SA